



DATOS IDENTIFICATIVOS

Socioloxía: Socioloxía da educación

Materia	Socioloxía: Socioloxía da educación			
Código	O05G110V01105			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Casado Neira, David			
Profesorado	Casado Neira, David Perez Freire, Silvia			
Correo-e	dcneira@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/dcneira			
Descrición xeral	Nesta materia abórdanse os aspectos sociais (nin pedagóxicos, nin didácticos) que inciden na educación infantil.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia
A9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B18	Liderado

B20	Iniciativa e espírito emprendedor
B21	Motivación pola calidade
B22	Sensibilidade por temas ambientais

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas. Poder empregar as achegas teóricas da socioloxía como unha ferramenta de análise e comprensión da realidade.	A12	B1 B13 B14
Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar para poder interactuar coas familias.	A10	B13
Comprender as demandas institucionais da educación no contexto actual (familia, relacións de xénero e interxeracionais, multiculturalidade e interculturalidade, discriminación e inclusión social, desenvolvemento sostible, impacto das linguaxes visuais).	A7 A12	B1 B12 B13 B14 B22
Poder levar a cabo e avaliar as accións dentro e fóra da escola destinadas á formación cidadá.	A3	B1 B14
Descubrir os aspectos sociais non pedagóxicos implicados nos procesos educativos (conxuntura económica, evolución do mercado de traballo, transformacións sociais...).	A9	B1 B21
Adquirir habilidades para recoller información e analizala sobre os citados puntos a través do traballo autónomo e en equipo.	A11	B2 B6 B9
Comprensión de textos complexos, resumir e traballar con información complexa ou de fontes diferentes.	A6	B1 B6
Competencias para tarefas colaboradoras: capacidade de escoitar e comprender aos demais, capacidade (oral e escrita) para facerse entender, adaptación a calendarios de traballo e a cumprimentación das tarefas e os tempos, adaptar e reorganizar o traballo, asumir a responsabilidade propia e do grupo.	A11	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B20 B21

Contidos

Tema	
Conceptos xerais de socioloxía.	Sociedade. Cultura. Socialización
Socioloxía da infancia.	A infancia como categoría social. Infancia e escolarización.
Evolución da familia.	Cambios sociodemográficos. Acceso ao mercado de traballo.
Educación e cidadanía.	Xénero, multiculturalidade, discriminación, inclusión social...
Contexto social e políticas educativas.	Demandas sociais da educación e reformas educativas.
Culturas familiares e culturas da educación.	Reproducción cultural e relación familia-escola.
Socialización escolar.	Grupo de iguais. Disciplinarización e homoxeneización.
Impacto e uso das tecnoloxías na educación.	Os medios de comunicación como axente educativo. Consumo televisivo na idade infantil. Consumo tecnolóxico como recurso educativo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	28	0	28
Titoría en grupo	8	8	16
Traballos tutelados	13	42	55
Probas de tipo test	2	34	36
Traballos e proxectos	2	13	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Explicación de contidos teóricos
Titoría en grupo	Directrices de elaboración do traballo, supervisión e resolución de dúbidas
Traballos tutelados	Realización dun traballo de investigación teórico/práctico

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Titoría en grupos
Traballos tutelados	Titoría en grupos
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Titoría en grupo	Avaliación continua do proceso de elaboración do traballo	20
Traballos tutelados	Memoria do traballo de investigación.	40
Probas de tipo test	Exame final sobre os contidos teóricos da materia	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é imprescindible: cumprir os prazos de traballo establecidos ao comezo do curso, aprobar o exame tipo test e a memoria final do traballo de investigación. No caso de non superar a materia, a parte e competencias non adquiridas serán avaliadas na seguinte convocatoria. O sistema de avaliación non establece diferencias entre alumnos e alumnas, asistentes ou non asistentes.

Bibliografía. Fontes de información

Fernández Enguita, Mariano (1999) *La escuela a examen*. Madrid: Pirámide.

Giner, Salvador; Lamo de Espinosa, Emilio; Torres, Cristóbal (eds.) (1998) *Diccionario de sociología*. Madrid: Alianza Editorial.

Macionis, John J. & Plummer, Ken (1999) *Sociología*. Madrid: Prentice Hall.

e o material específico das aulas dispoñible a través de FAITIC

Recomendacións